

A continuación infórmase dos acordos da reunión en sesión ordinaria do Consello de Goberno, que tivo lugar o día 31 de outubro de 2022 na Sala 18 do Campus Remoto da Universidade de Vigo e no Paraninfo, que poden ser do seu interese:

- * Aprobación da acta correspondente á sesión ordinaria do 28 de setembro de 2022.
- * Aprobación do procedemento e criterios de prelación para a saída a concurso de prazas de profesorado contratado doutor a tempo completo do profesorado axudante doutor na Universidade de Vigo.
- * Aprobación da constitución da xunta de centro na Facultade de Relacións Internacionais xunto co nomeamento dun/ha vicedecano/a comisario/a.
- * Aprobación do calendario e o procedemento para a aprobación de verificación e modificación de titulacións de grao, máster e doutoramento para o curso 2024/25.
- * Aprobación da modificación dos títulos adscritos aos novos centros creados na Universidade de Vigo.
- * Aprobación da modificación das normativas de TFG e TFM.
- * Aprobación da modificación da normativa de contratación do persoal investigador da Universidade de Vigo.
- * Aprobación da creación do Instituto Universitario de Física e Ciencias Aeroespaciais.
- * Aprobación do cambio de nome da Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación.
- * Nomeamento dos/as seguintes membros da Comisión de seguimento e avaliación do Plan de Aforro Enerxético:
 - PDI: Iris Machado de Oliveira
 - Estudante: Manuel Diz Folgar
 - Representantes dos decanatos/direccións de centros:
 - Campus de Pontevedra: Vicente Romo Pérez
 - Campus de Ourense: Humberto Michinel Álvarez
 - Ámbito científico: Mercedes Gallardo Medina
 - Ámbito tecnolóxico: Juan Enrique Pardo Froján
 - Ámbito xurídico-social e humanidades: José Montero Reguera
- * Nomeamento dun representante no Comité de Dirección da EIDO, polo sector estudantes no ámbito Xurídico-Social:
 - Alexo Breogán Riobóo Lois.

O secretario xeral

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte á publicación da presente resolución, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.